

RESOLUCIÓN DO 25 DE OUTUBRO DE 2019 POLA QUE SE ABRE UNHA CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS PARA PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS (PAPERS).

O programa IACOBUS é un Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde coa intención de dar un paso máis cara a configurar un auténtico espazo de integración interrexional entre as Universidades e institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. IACOBUS é unha acción impulsada pola Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal que provén das prioridades definidas no PIC - Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión e das estratexias establecidas pola RIS3-T, e que conta co apoio da Unión Europea, a través do financiamento ao Programa INTERREG V-A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020.

IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS (PAPERS) ten como obxectivo principal fomentar a cooperación transfronteiriza en actividades de investigación e divulgación científica, a través de axudas económicas á publicación de artigos científicos e de investigación *-papers-* nalgunha das revistas indexadas no Journal Citation Report (JCR) de Clarivate Analytics e, nas áreas de humanidades, no Scopus®. A razón fundamental pola que se opta polo índice JCR ten que ver coa metodoloxía de cálculo do Ranking Académico das Universidades do Mundo ARWU, en cuxa posición se procura que dean mellorado as universidades da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal mediante esta convocatoria, complementado no ámbito das humanidades polo índice Scopus®.

Estas actividades deberán ser desenvolvidas por autores pertencentes ás institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal que asinaron o *“Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal”* en Vigo, o día 11 de abril de 2014.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP, AECT), como entidade xestora do Programa IACOBUS,

RESOLVE:

Publicar esta convocatoria do Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS de acordo coas seguintes Bases:

BASES

1. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poden optar a participar neste programa os docentes ou investigadores con contrato de investigación en vigor cunha Universidade ou outra institución de Ensino Superior das especificadas a continuación:

- Universidade de Santiago de Compostela.
- Universidade da Coruña.
- Universidade de Vigo.
- Universidade do Porto.
- Universidade do Minho.
- Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.
- Universidade Católica Portuguesa – Centros Regionais do Porto e de Braga.
- Instituto Politécnico do Porto.
- Instituto Politécnico de Viana do Castelo.
- Instituto Politécnico de Bragança.
- Instituto Politécnico do Cávado e do Ave.

2. ORZAMENTO E PERÍODO

O Orzamento desta convocatoria do Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS é de 60.000 €. Establécese como tope máximo da axuda 1.000 € por *paper*, repartidos ao 50% entre as institucións dos dous candidatos. Esta distribución, ben como o orzamento total do Programa IACOBUS, poderá ser modificada pola GNP, AECT en función das necesidades. A modificación publicarase na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) e na Web da GNP, AECT (www.gnpaect.eu).

Para optar ao financiamento do Programa, o *paper* presentado na candidatura deberá estar publicado ou aceptado para a súa publicación (acreditado co correspondente *Digital Object Identifier DOI*[®]), no período comprendido entre o **1 de decembro de 2018** e o **30 de novembro**

de 2019, nalguna das revistas indexadas no *Journal Citation Report* (JCR) e, no ámbito de humanidades, no Scopus®, vixentes na data de presentación da candidatura.

3. REQUISITOS DA CANDIDATURA

Cada candidatura deberá estar asinada por dúas persoas: unha persoa dunha Universidade galega e outra dunha Universidade ou Institución de Ensino Superior do Norte de Portugal dos que figuran no [apartado 1](#) destas BASES. As persoas que figuren como asinantes nunha candidatura non poderán asinar e presentar máis candidaturas na mesma convocatoria, de xeito que quedan limitadas a asinar e presentar como máximo unha candidatura por convocatoria.

Os candidatos teñen a obriga de dispor do expreso consentimento dos restantes coautores asinantes da publicación, que os autorice a presentar devandita publicación a esta convocatoria IACOBUS.

A documentación obrigatoria para presentar a candidatura ao Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS é a seguinte:

- Copia do DNI/CC dos candidatos;
- Copia do contrato/documento de vínculo coa Universidade ou Institución de Ensino Superior de cada candidato;
- Copia do xustificante da publicación ou da aceptación á publicación na revista (DOI®);
- Copia dos dous xustificantes bancarios (1 por cada candidato) nos que se reflectan os datos de titularidade das contas -grupos de investigación, departamentos de universidades, universidades ou institutos politécnicos- e os IBAN nos que ingresar a axuda.
- Copia do *paper* -sen restricións idiomáticas-, acompañada do seu *abstract* nos idiomas galego, castelán ou portugués e no seu caso, do enlace Web ao artigo.
- Declaración de autoría do *paper* asinada polos dous candidatos e no seu caso, autorización asinada de todos os coautores asinantes da publicación ([ANEXO I](#)).

4. REQUISITOS DA PUBLICACIÓN CIENTÍFICA

A publicación científica *-paper-* presentada na candidatura deberá estar publicada ou aceptada para a súa publicación, no período comprendido entre o **1 de decembro de 2018 e o 30 de novembro de 2019**, nalgunha das revistas indexadas no *Journal Citation Report* (JCR) ou no Scopus® no ámbito das humanidades, vixentes na data de presentación da candidatura. En todo caso, debe contar cun DOI®.

A publicación deberá estar asinada polo menos polos dous autores que presentan a candidatura (candidatos); os restantes autores, no caso de existir, deberán autorizar a presentación da candidatura ([ANEXO I](#));

Non hai limite no número de coautores e asinantes de cada publicación nin tampouco restrición algunha no relativo ás súas nacionalidades, sempre que se cumpra o mínimo referido na alínea anterior.

A convocatoria non contempla restricións na lingua na que se redacte a publicación, pero será obrigatorio acompañar esta publicación dun resumo *-abstract-* nos idiomas galego, castelán ou portugués.

Cada *paper* só se poderá presentar unha única vez.

5. PRESENTACIÓN E ACEPTACIÓN DE CANDIDATURAS

Esta convocatoria rexerese polos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

A elaboración e presentación das candidaturas efectuarase unicamente a través da plataforma que o Programa IACOBUS dispón na súa páxina Web (iacobus.gnpaect.eu), a partir do **día 28 de outubro de 2019 e ata o día 9 de decembro de 2019 ás 23:59 h (hora española)**. Poderanse empregar exclusivamente os idiomas galego, castelán ou portugués no desenvolvemento das candidaturas e na documentación esixida pola plataforma Web, agás no caso da propia publicación candidata, para a que non se contemplan restricións idiomáticas.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fóra de prazo ou sen os anexos debidamente cubertos e asinados dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão. Tampouco se admitirán as que non teñan debidamente cuberto o formulario de solicitude da plataforma Web.

A presentación da solicitude implica que o interesado declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que todos os datos son certos e que autoriza a comprobación dos mesmos.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos establecidos nesta convocatoria, requirirase o interesado para que no prazo de dez días hábiles emende os erros achegando a documentación preceptiva. Se transcorrido este prazo non se corrixe satisfactoriamente a solicitude, a candidatura será excluída definitivamente. Non poderá recorrerse esta decisión da Comisión de Avaliación ata a resolución desta convocatoria.

6. SELECCIÓN DE CANDIDATOS

Ao remate do período de candidatura referido no [apartado 5](#) destas BASES, as solicitudes serán valoradas por unha Comisión de Avaliación. A composición da Comisión é a seguinte:

- 1 Presidente: designado pola dirección da GNP-AECT;
- 3 Vogais:
 - Un representante designado polo Director Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia;
 - Un representante designado polo Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N);
 - Un representante designado pola Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) en representación da rede de Universidades da Eurorrexión;
- 1 Secretario: un traballador da GNP, AECT.

En función das solicitudes presentadas, a Comisión de Avaliación poderá decidir dar prioridade aos *papers* que mellor se encadren nas prioridades da Eurorrexión, fundamentalmente recollidas no Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión (PIC 14-20) e na RIS3-

Transfronteiriza; aos publicados perante aos non publicados; ou segundo a súa posición no seo dos rankings indicados (factor de impacto).

Ademais, a Comisión tentará manter unha proporcionalidade entre os centros de educación superior incluídos no [apartado 1](#), de xeito que se fomente a participación das distintas Universidades e Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Así mesmo buscarase fomentar a paridade entre homes e mulleres e entre distintas macroáreas de coñecemento.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A GNP, AECT publicará na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) a relación provisional de beneficiarios e concederá un período de reclamación ou alegacións de 10 días hábiles. Tras este período, fará pública unha resolución motivada co nome dos beneficiarios, que poderá ser recorrida perante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

8. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase única e exclusivamente ás contas bancarias pertencentes aos grupos de investigación ou departamentos de Universidades e Institucións de Ensino Superior, ou desas institucións en función da súa organización (para seren recibidos nas partidas dos grupos ou departamentos), aos que as persoas beneficiarias do Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS estean vinculadas laboralmente.

Os beneficiarios teñen a obriga de asinar e cargar na plataforma Web do Programa IACOBUS cadanseu [ANEXO II](#), e un documento (recibo ou xustificante bancario, no que figure o nome do titular, o IBAN e o importe ingresado) que acredite que se recibiu o pagamento. A achega destes documentos é condición indispensable para poder descargar dende a plataforma o certificado de que se formou parte do Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.

9. OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Os beneficiarios do Programa IACOBUS – PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS aceptan que a GNP, AECT publique na Web do IACOBUS o *abstract* nunha das tres linguas oficiais da convocatoria e o enlace á revista no que sexa publicado o seu *paper*.

A participación no Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS implica que os seus beneficiarios aceptan xustificar os importes recibidos, isto é, que presentan os documentos xustificativos e recibos acreditativos do pagamento – [ANEXO II](#) e xustificante bancario-.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a GNP, AECT é responsable. Os datos dos candidatos serán tratados exclusivamente coa finalidade de incorporalos ao proceso de selección da presente convocatoria, e eventualmente para o envío de información relativa ao Programa IACOBUS e outras actuacións da GNP,AECT.

O candidato poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu documento de identidade á GNP, AECT.

11. DISPOSICIÓN FINAL

O aproveitamento deste programa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a GNP, AECT e os beneficiarios.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na plataforma Web do Programa IACOBUS.

LISTADO DE ANEXOS

ANEXO I: Declaración de autoría dos candidatos e autorización dos coautores para a presentación do <i>paper</i> ao Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.....	9
ANEXO II. Modelo de xustificante de pago Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS	10

ANEXO I: Declaración de autoría dos candidatos e autorización dos coautores para a presentación do *paper* ao Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.

DECLARACIÓN DE AUTORÍA DOS CANDIDATOS

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos desta primeira parte do formulario e asinalo dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão.

Os abaixo asinantes (Candidatos 1 e 2) declaran a autoría do *paper* de título: _____

CANDIDATO 1

NOME E APELIDOS

D.N.I. / C.C

INSTITUCIÓN

DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN

CANDIDATO 2

NOME E APELIDOS

D.N.I. / C.C

INSTITUCIÓN

DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN

SINATURA DIXITAL CANDIDATO 1

SINATURA DIXITAL CANDIDATO 2

AUTORIZACIÓN DOS COAUTORES

Nota: Cubrir e asinar os seguintes campos só no caso de existir coautores adicionais distintos aos Candidatos 1 e 2.

Os abaixo asinantes (Coautores) dan o seu consentimento aos Candidatos 1 e 2 para presentar o *paper* de título _____ á convocatoria vixente do PROGRAMA IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.

COAUTOR 1

NOME E APELIDOS

INSTITUCIÓN

SINATURA DIXITAL COAUTOR 1

·
·
·

COAUTOR N

NOME E APELIDOS

INSTITUCIÓN

SINATURA DIXITAL COAUTOR N

ANEXO II. Modelo de xustificante de pago Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.

(Unha copia por cada beneficiario)

NOME E APELIDOS do candidato

D.N.I. / C.C

INSTITUCIÓN

DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN / UNIVERSIDADE

Declara:

Que o departamento, grupo de investigación ou universidade no que desenvolve a súa actividade investigadora recibiu a cantidade de _____ € pola súa participación no Programa IACOBUS - PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS como coautor do *paper* de título:

Sinatura dixital
(Beneficiario do IACOBUS)

en _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos deste formulario e asinalo dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão.